

EXAME TEST GALEGO

1. O estado en que o animal está en harmonía consigo mesmo (conduta e fisioloxía) e coa contorna denomínase:
 - a. Equilibrio.
 - b. Homeostase.
 - c. Benestar.

2. O principio das 3Rs establecido por Russell e Burchs baséase en:
 - a. Reducir, substituír e refinar.
 - b. Substituír, reducir e respectar.
 - c. Reutilizar, reducir e refinar.

3. O estado no que o animal ten que realizar un esforzo substancial ou desenvolver respostas adaptativas extremas ante cambios que se producen no seu ambiente denomínase:
 - a. Dor.
 - b. Sufrimento.
 - c. Distrés.

4. É aconsellable manter suspendidos no aire aos ratos durante o seu manexo?
 - a. Non.
 - b. Si.
 - c. É indiferente, xa que se manteñen tranquilos durante o seu manexo.

5. Un animal heteroxénico é un animal:
 - a. Libre de todo tipo de xermes.
 - b. Libre de xermes patóxenos para a súa especie.
 - c. Convencional.

6. Que método farmacolóxico de eutanasia se considera aceptable no animal inconsciente?
 - a. Cloroformo.
 - b. Cloruro potásico.
 - c. Sulfato magnésico.

EXAME TEST GALEGO

7. Cal das seguintes afirmacións é correcta:
- Os coellos son roedores.
 - Os coellos son lagomorfos.
 - Os coellos teñen 4 incisivos.
8. Cal é a situación máis importante que se debe evitar na manipulación e transporte dun coello?
- Que quede nunha posición invertida.
 - Que teña as patas traseiras libres.
 - Que se atope nunha posición suspendida.
9. Cal das seguintes é unha vantaxe das dietas peletizadas:
- Desestabiliza os compoñentes lábiles da fariña, reducindo así a carga microbiana.
 - A deterioración das proteínas non se produce a altas temperaturas.
 - Son apetecibles para os roedores.
10. Segundo o Real Decreto 53/2013 de 1 de febreiro, que establece as normas básicas aplicables para a protección dos animais utilizados en experimentación e outros fins científicos, incluíndo a docencia, establece que os datos mínimos que sobre os animais deben manter os criadores subministradores ou usuarios deberán conservarse polo menos:
- Durante cinco anos e estar a disposición do órgano competente, cando este o solicite.
 - Durante tres anos e estar a disposición do órgano competente, cando este o solicite.
 - Durante catro anos e estar a disposición do órgano competente, cando este o solicite.
11. En relación coas categorías de severidade da clasificación dos procedementos recolleitos no Real Decreto 53/2013, estes clasifícanse en:
- Sen recuperación, leve, moderado e severo.
 - Sen recuperación, lixeiro, moderado e severo.
 - Sen recuperación, leve, mesurado e severo.

EXAME TEST GALEGO

12. Terán consideración de áreas de animais:

- a. Exclusivamente as dependencias onde se manteñen ou crían os animais.
- b. Todas nas que nalgún momento haxa presenza de animais.
- c. Os lugares onde se manteñen ou crían os animais e todos aqueles onde se realicen experimentos con eles de forma continua e/ou prolongada no tempo.

13. Un termohigrómetro proporciona:

- a. Información sobre a variación do % de partículas en suspensión.
- b. Información sobre as variacións en % da renovación de aire.
- c. Información sobre variacións en % da HR.

14. A alteración coñecida como anaovulación levada a cabo en ratos consiste en:

- a. Inhibir a ovulación para sincronizar o celo das femias.
- b. Provocar a maduración e expulsión dun elevado número de óvulos nun momento determinado.
- c. Transferir os óvulos fertilizados a nais adoptivas.

15. O método utilizado para a identificación dos animais estará concibido de maneira que:

- a. Se poida modificar facilmente en caso de ser necesario.
- b. Debe ser sempre individual independentemente do fin para que sexan utilizados os animais.
- c. Se pode producir dor ao animal, debe proporcionarse a anestesia ou a analxesia axeitada.

16. Os EPI que teñan por finalidade protexer ao usuario dos riscos en que se incorra durante tarefas de manipulación de pezas quentes que non expoñan ao usuario a temperaturas superiores aos 50° C pertencen á:

- a. Categoría 1.
- b. Categoría 2.
- c. Categoría 3.

17. Marca a afirmación correcta:

- a. Esterilización a 104° C.
- b. Desinfección a 121° C.
- c. Esterilización a 180° C.

EXAME TEST GALEGO

18. Existen factores relativos ao deseño das instalacións que inflúen directamente na redución de partículas en suspensión e, como consecuencia, o contacto do traballador cos alérxenos procedentes dos animais, como:
- Evitar a recirculación de aire.
 - Gaiolas autoventiladas.
 - Uso de máscaras.
19. Cal das seguintes afirmacións é incorrecta?
- Os animais homeotermos poden manter a súa temperatura corporal dunha forma autónoma dentro duns límites propios de cada especie con axuda de mecanismos endóxenos de termorregulación.
 - A humidade relativa aumenta cando descende a temperatura, aínda que a humidade absoluta se manteña invariable.
 - Os animais de laboratorio deben ser mantidos a unha humidade relativa de entre o 15-35 %, o seu punto óptimo está en torno ao 25 %.
20. Limpeza:
- Só elimina a carga bacteriana.
 - Só elimina a carga de fungos.
 - Elimina a carga orgánica.
21. Segundo o Real Decreto 53/2013, as gaiolas que se utilizan durante os procedementos para os ratos de ata 20 g de peso corporal deben de medir:
- Unha superficie mínima do solo do recinto por animal de 60 cm² e unha altura mínima de 12 cm.
 - Unha superficie mínima do solo do recinto por animal de 40 cm² e unha altura mínima de 12 cm.
 - Unha superficie mínima do solo do recinto por animal de 20 cm² e unha altura mínima de 10 cm.
22. A norma básica que regula o coidado dos animais, na súa explotación, transporte, experimentación e sacrificio foi modificada por:
- Lei 06/2013, do 11 de xuño.
 - Lei 32/2007, do 7 de novembro.
 - Lei 07/2022, do 11 de abril.

EXAME TEST GALEGO

23. A duración da lactación en ratos SWISS é de:
- Entre 19 e 21 días.
 - Entre 15 e 17 días.
 - Entre 12 e 15 días.
24. A Lei 32/2007 do 7 de novembro, para o coidado dos animais, na súa explotación, transporte, experimentación e sacrificio ten por obxecto. Indica a resposta incorrecta:
- Establecer as normas básicas sobre explotación, transporte, experimentación e sacrificio para o coidado dos animais de produción, e un réxime común de infraccións e sancións para garantir o seu cumprimento.
 - Regular a potestade sancionadora da Administración Xeral do Estado sobre exportación e importación de animais desde ou cara a Estados non membros da Unión Europea no que respecta á súa atención e coidado e sobre os animais utilizados para experimentación e outros fins científicos en procedementos da súa competencia.
 - Fornecer toda clase de información sobre instalacións, produtos, animais, servizos e, en xeral, sobre aqueles aspectos relativos á protección animal que se lle solicitasen, permitindo a súa comprobación polos inspectores.
25. Unha sala limpa segundo a norma ISO 14644-1 é unha sala ou contorna contida:
- No que é fundamental manter un baixo número de partículas no aire.
 - No que o tamaño de partícula no aire ten que ser menor de 0.01 μm .
 - No que o número de renovacións de aire por hora non debe ser maior de 2.
26. Segundo o Real Decreto 487/1997, do 14 de abril, que tipo de manipulacións pode entrañar riscos dorsolumbares non tolerables?
- Cargas que pesen máis de 3 Kg.
 - Cargas que pesen máis de 2 Kg.
 - Cargas que pesen máis de 1 Kg.
27. Cal das seguintes variables ambientais ten maior influencia sobre o benestar dos animais?
- Campos electromagnéticos.
 - Presión atmosférica.
 - Iluminación.

EXAME TEST GALEGO

28. Que áreas se considerarán no deseño dun animalario?
- Áreas de animais, de servizos e de intercomunicación.
 - Áreas de animais, de servizos e de persoas.
 - Áreas de animais, de experimentación e de infraestruturas.
29. En relación cos proxectos clasificados como tipo III segundo se establece no Real Decreto 53/2013:
- Poderán ser suxeitos ao procedemento de autorización e serán sometidos posteriormente a unha avaliación retrospectiva.
 - Quedarán suxeitos ao procedemento de autorización e serán sometidos posteriormente a unha avaliación retrospectiva.
 - Quedarán suxeitos ao procedemento de autorización e poderán ser sometidos posteriormente a unha avaliación retrospectiva.
30. Marca a afirmación correcta:
- Desinfección por medio de vapor de auga.
 - Desinfección mediante calor seca.
 - Desinfección mediante radiación ultravioleta.
31. O consumo de alimento dun coello de 5 kg é:
- 5g/100g/día.
 - 25g/100g/día.
 - 50g/100g/día.
32. As luvas que, entre outros, superan os ensaios de resistencia á penetración á auga e ao aire e se ensaian segundo a norma UNE-EN-374-2:2019 constitúen unha barreira efectiva contra:
- Produtos químicos e microorganismos.
 - Unicamente produtos químicos.
 - Unicamente microorganismos.
33. O acceso á información médica de carácter persoal limitarase a:
- Persoal médico, empresario e autoridades sanitarias que leven a cabo a vixilancia da saúde dos traballadores.
 - Persoal médico e autoridades sanitarias que leven a cabo a vixilancia da saúde dos traballadores.
 - Autoridades sanitarias que leven a cabo a vixilancia da saúde dos traballadores.

EXAME TEST GALEGO

34. Cal das seguintes afirmacións é correcta:
- Os roedores femia son de maior tamaño que os machos e son capaces de reproducirse a partir das 6 semanas de vida en estado salvaxe.
 - Os roedores son animais omnívoros, agás as cobaias, que son herbívoros.
 - As ratas femia son poliéstricas cun ciclo regular duns 11-12 días de duración.
35. Cal é o rango de temperatura (°C) para manter os ratos e ratas nun animalario?
- 15-24.
 - 20-24.
 - 15-21.
36. O consumo de alimento dunha rata de 250g é:
- 5g/100g/día.
 - 20g/100g/día.
 - 35g/100g/día.
37. As diferentes etapas do ciclo nos ratos son:
- Proestro, estro, metaestro e destro.
 - Estro, metaestro, noestro e destro.
 - Proestro, metaestro, soestro e estro.
38. A eutanasia dos animais debe completarse por un dos seguintes métodos, indica que método non recolle o R.D 53/2013:
- Luxación cervical.
 - Destrución do cerebro.
 - Morte clínica.
39. En que área funcional do deseño dun animalario se atopan as plantas técnicas (aire acondicionado, caldeiras, compresores, grupos electrógenos, etc.)?
- Infraestruturas.
 - Servizos.
 - Intercomunicación.

EXAME TEST GALEGO

40. A vixilancia da saúde ten carácter voluntario salvo cando, previo informe dos representantes dos traballadores,
- O estableza a empresa xunto co persoal sanitario.
 - O estableza o empresario.
 - O estableza unha disposición legal en relación coa protección de riscos específicos e actividades de especial perigosidade.
41. Na composición dunha dieta debemos saber que:
- A proteína debe usarse como unha fonte de enerxía extra.
 - A proteína pode degradarse debido aos procesos de manipulación da dieta.
 - Os animais necesitan todos os aminoácidos que achegan as proteínas.
42. Considéranse sistemas de desinfección:
- Só as autoclaves.
 - SAS biolóxico.
 - Sistemas de aire ultrafiltrado.
43. Segundo o Real Decreto 773/1997, do 30 de maio, sobre disposicións mínimas de seguridade e saúde relativas á utilización polos traballadores de equipos de protección individual a definición de EPI é:
- Calquera equipo destinado a ser levado ou suxeitado polo traballador para que o protexa dun ou varios riscos que poidan ameazar a súa seguridade ou a súa saúde, así como calquera complemento ou accesorio destinado a tal fin.
 - Calquera equipo destinado a ser levado polo traballador para eliminar varios riscos que poidan ameazar a súa seguridade, así como calquera complemento ou accesorio destinado a tal fin.
 - Calquera equipo destinado a ser levado ou suxeitado polo traballador.
44. A vixilancia da saúde, axeitada e específica, que o empresario garantirá aos traballadores en relación coa exposición a axentes biolóxicos ofrecerase:
- Despois dunha exposición longa ao axente biolóxico.
 - A intervalos irregulares considerando o axente biolóxico, o tipo de exposición e a existencia de probas eficaces de detección precoz.
 - Cando sexa necesario por detectarse nalgún traballador, con exposición similar, unha infección ou enfermidade que poida deberse á exposición a axentes biolóxicos.

EXAME TEST GALEGO

45. Cal das seguintes características sería propia dunha dor aguda?
- Longa duración.
 - Ben localizada.
 - Imprecisa, ardente.
46. Entre os datos mínimos para a identificación nas gaiolas ou sistemas de confinamento non se atopa:
- Especie.
 - Número de animais.
 - Os resultados das necropsias realizadas.
47. Cal é a mellor forma de manipular un rato para determinar o seu sexo?
- Voltealo sobre as súas costas mentres se mantén suxeito pola cola.
 - Suspendelo no aire en posición invertida.
 - Suxeitalo con firmeza pola base da cola e deixando que se apoie nas súas mans, levantar lixeiramente a parte traseira do animal.
48. Para extraer sangue a unha rata viva e esperta utilizarías:
- A arteria carótide externa.
 - A vea lateral da cola.
 - A vea xugular externa.
49. Nunha instalación baixo barreira, para que o procesado de elementos funxibles mediante autoclave de vapor sexa efectivo:
- Débense alcanzar sempre os 121°C.
 - Non é necesario chegar a 121°C.
 - Debe haber bolsas de aire, dentro da cámara, para que o vapor chegue a todas as superficies da carga.
50. Os procedementos normalizados de traballo:
- Son as normas para o mantemento técnico dos equipos de investigación.
 - Inflúen no estado de saúde dos animais.
 - Son normas verbais que a dirección do animalario transmite aos técnicos.

EXAME TEST GALEGO

51. Os sinais de salvamento ou socorro terán:
- Un fondo verde e letras e símbolos en branco.
 - Fondo branco e letras e símbolos en verde.
 - Fondo branco con parte do panel azul e letras brancas.
52. Cando o traballo implique a exposición a varias categorías de axentes biolóxicos a avaliación realizarase:
- Baseándose no perigo que supoñan todos os axentes biolóxicos presentes.
 - Baseándose no perigo que supoña o axente biolóxico que, de acordo coa clasificación de axentes biolóxicos, pertenza ao grupo máis alto.
 - Baseándose no perigo que supoña o axente biolóxico que se atope en maior proporción.
53. Os sistemas de dobre corredor nun animalario:
- Demostrouse que non serven para conter contaminacións.
 - Evitan mesturar materiais suxos e limpos.
 - Permite a circulación de material limpo e suxo polos 2 corredores.
54. Cal das seguintes opcións ten un efecto directo sobre a saúde dos técnicos?
- Os procesos de esterilización do material.
 - Os procesos de desinfección do material.
 - Procedementos de traballo estandarizados.
55. Indique a resposta correcta sobre a definición de subministrador que establece a DIRECTIVA 2010/63/UE.
- Calquera persoa física ou xurídica, distinta do criador, que forneza animais para utilízalos en procedementos ou para utilizar os seus tecidos ou órganos con fins científicos, con ou sen ánimo de lucro.
 - Calquera persoa física ou xurídica que utilice animais en procedementos, con ou sen ánimo de lucro.
 - Calquera persoa física ou xurídica que críe os animais mencionados no anexo I para utilízalos en procedementos ou para utilizar os seus tecidos ou órganos con fins científicos ou criar a outros animais principalmente con estes fins con ou sen ánimo de lucro.

EXAME TEST GALEGO

56. Se non é posible evitar a manipulación manual de cargas débese actuar sobre as características da carga, de modo que:
- O peso máximo da carga que se recomenda non debe superar en condicións ideais de manipulación os 25 Kg e, no caso de traballadores novos, mulleres e anciáns, non se deberían superar os 15Kg.
 - A anchura da carga debería superar a anchura dos ombreiros.
 - O peso máximo recomendado da carga cando se manipula á altura da cabeza non debería superar os 19 Kg.
57. Segundo o RD 542/2016, do 25 de novembro, sobre normas de sanidade e protección animal durante o transporte, con respecto á autorización dos medios de transporte e colectores, a autorización dos medios de transporte e colectores poderá ser (sinala a resposta incorrecta):
- Para viaxes de ata oito horas de duración.
 - Para máis de oito horas de duración.
 - Só para viaxes de máis de doce horas de duración, se o traxecto é por núcleo urbano
58. Limpeza das xuntas das portas do autoclave:
- Debe ser atendido polo servizo técnico.
 - Forma parte do mantemento preventivo do autoclave.
 - Non necesitan limpeza xa que se esterilizan en cada ciclo.
59. De que forma se pode conseguir que unha rata fóra da súa gaiola se manteña máis tranquila?
- Tapando os ollos do animal cun trapo.
 - Suxeitándoa polo pescozo.
 - Manténdoa suspendida.
60. Cal é a forma máis habitual de fornecer os barbitúricos para realizar a eutanasia?
- Intracardiaca.
 - Intraperitoneal.
 - Intravenosa.

EXAME TEST GALEGO

61. Dentro dun laboratorio, a manipulación e eliminación dos residuos deber ser efectuada da seguinte forma:
- Que sexa o máis rápido posible para manter as instalacións o máis limpas posible.
 - Que non poña en perigo, non só a integridade dos estudos, senón a saúde das persoas ou o medio ambiente.
 - Unicamente se terá en conta que non poña en perigo o medio ambiente, nin a integridade dos animais.
62. Cal das seguintes afirmacións é incorrecta?
- Nos roedores os incisivos superiores e inferiores erupcionan cara aos 10-12 días.
 - Nos roedores as orellas despéganselles cara aos 2-3 días.
 - Os roedores abren os ollos cara aos 5-7 días.
63. As cabinas de bioseguridade necesarias para traballar zonas de contención biolóxica son:
- Barreiras primarias.
 - Barreiras secundarias.
 - Non son barreiras.
64. A vida sexual das ratas femia adóitase prolongar ata:
- 13-14 meses de vida.
 - 19-20 semanas de vida.
 - 25-30 meses de vida.
65. En xeral, as femias de rato son usadas como reprodutoras entre:
- As 6-8 semanas e os 8-10 meses de vida.
 - As 12-14 semanas e os 28 meses de vida.
 - As 12-14 semanas e os 36 meses de vida
66. O tempo de actuación é un elemento a ter en conta á hora de utilizar:
- Só desinfectantes atmosféricos.
 - Desinfectantes de superficies.
 - Só desinfectantes con acción viricida.

EXAME TEST GALEGO

67. Cando usamos un desinfectante:

- a. Xa non é necesario retirar a materia orgánica da superficie que se vaia desinfectar
- b. Debemos renovar a solución desinfectante cando se cambie de sala.
- c. Aplicar a cantidade que consideremos axeitada segundo a carga orgánica da superficie para desinfectar.

68. O estado mental que resulta da dor ou distrés denomínase:

- a. Sufrimento.
- b. Malestar.
- c. Depresión.

69. Unha liña consanguínea considérase dividida en subliñas:

- a. Cando unha liña se bifurca en diferentes ramas despois da xeración F40.
- b. Cando unha liña se separa en diferentes ramas polo fenómeno de heterocigose residual.
- c. Cando unha liña se separa en diferentes ramas por homocigose residual.

70. Dos seguintes métodos de identificación, cal non está recomendado para roedores?

- a. Punción dixital.
- b. Reseña.
- c. Tatuaxes.

71. Indica que método dos utilizados na identificación de animais é un método invasivo.

- a. Marcaxe con sustancias colorantes temporais.
- b. Grampas, sinais, crotais.
- c. Marcaxe con cortes de pelo.

72. No principio das 3Rs, o refinamiento refírese a:

- a. Calquera sistema que permita diminuír a severidade do dano inflixido aos animais.
- b. A substitución dos vertebrados por calquera outro método que empregue material non sensitivo.
- c. O correcto deseño estatístico que permita utilizar só o número de animais necesario para obter unha información fiable e precisa.

EXAME TEST GALEGO

73. Para obter unha maior homoxeneidade de resposta nun experimento realizado con roedores utilizaremos:
- Roedores consanguíneos.
 - Roedores non consanguíneos.
 - Roedores híbridos.
74. Cal das seguintes afirmacións é correcta?
- As técnicas de gnotobiose permiten producir e manter animais aos que se lles eliminaron selectivamente certos microorganismos.
 - Os animais haloxénicos posúen unha flora modificada.
 - Os animais heteroxénicos son criados e mantidos en condicións ambientais non definidas. Poden ser portadores de infeccións latentes.
75. O conxunto de cambios fisiolóxicos relacionados coa actividade do sistema nervioso somático e a glándula adrenal en situacións nas que se esixe ao organismo unha resposta de acción rápida denomínase:
- Resposta adaptativa.
 - Síndrome xeral de adaptación.
 - Equilibrio somático adaptativo.
76. Está permitida a eutanasia dun animal en presenza doutros animais?
- Si.
 - Si, se é realizada por persoal cualificado.
 - Non, está totalmente prohibida.
77. Ao nomear unha liña consanguínea debemos saber que:
- O nome dunha liña consanguínea debe constar unicamente dunha combinación de letras maiúsculas.
 - O nome dunha liña consanguínea debe consistir unicamente nunha combinación de letras minúsculas e números.
 - Os nomes dunha liña consanguínea poden estar formados só por números.
78. Un nivel óptimo de graxa na composición dunha dieta estándar para roedores sería:
- Un 2 %.
 - Un 5 %.
 - Un 7 %.

EXAME TEST GALEGO

79. Cal das seguintes afirmacións é correcta?
- O coello é o roedor doméstico de maior tamaño.
 - O coello carece de premolares.
 - O coello non pode respirar pola boca debido á lonxitude do padal brando.
80. Cando falamos de anfixenose estamos a referirnos a unha infección onde a liña de transmisión é:
- Unicamente do home aos animais.
 - Unicamente dos animais ao home.
 - En ambos os sentidos con igual magnitude.
81. A coriomeninxite linfocitaria é unha enfermidade que pode transmitirse dos hámsteres e ratos ao home. Esta enfermidade está ocasionada por:
- Un virus.
 - Un fungo.
 - Un parasito.
82. Un exceso de fibra na composición dunha dieta:
- Facilita un desenvolvemento óptimo do animal.
 - Favorece a aparición de animais desnutridos.
 - Permite unha achega extra de enerxía ao animal.
83. Os roedores son animais coas seguintes características:
- Nocturnos, gregarios e gústalles o contacto físico próximo.
 - Diúrnos, non son gregarios e non lles gusta o contacto físico próximo.
 - Nocturnos, non son gregarios e gústalles o contacto físico próximo.
84. Cal das seguintes afirmacións é incorrecta?
- A intensidade de luz nun animalario debe ser suficiente para realizar con comodidade as tarefas rutineiras, oscilando entre 300-500 lux medidas a un metro desde o teito das salas.
 - Débense evitar por todos os medios os ruídos repentinos e estridentes nas áreas de animais, aceptándose un nivel por baixo de 80 dB en horas de traballo.
 - O lux (lx) é a intensidade luminosa por área de superficie.

EXAME TEST GALEGO

85. A composición dunha dieta para animais de experimentación:

- a. Axustarase unicamente ás necesidades nutricionais dos animais.
- b. Constitúe un medio de cultivo de xermes.
- c. Debe estar elaborada unicamente con ingredientes naturais.

86. Un animal SPF é:

- a. Aquel animal desprovisto de toda clase de xermes.
- b. Un animal criado baixo barreira.
- c. Debe ser un animal pertencente a unha estirpe consanguínea.

87. Cal é a vía ou mecanismo de transmisión máis frecuente dos axentes zoonóticos nun Servizo de Producción e Experimentación Animal?

- a. Vía cutánea.
- b. Vía dixestiva.
- c. Vía percutánea.

88. Segundo o RD 664/1997 un axente biolóxico de grupo 2 é aquel que:

- a. Pode causar unha enfermidade no home e pode supor un perigo para os traballadores. Sendo pouco probable que se propague á colectividade e existindo xeralmente profilaxe ou tratamento eficaz.
- b. Pode causar unha enfermidade grave no home e pode supor un perigo para os traballadores. Sendo pouco probable que se propague á colectividade e existindo xeralmente profilaxe ou tratamento eficaz.
- c. Pode causar unha enfermidade leve no home e pode supor un perigo para os traballadores. Sendo probable que se propague á colectividade e existindo xeralmente profilaxe ou tratamento eficaz.

89. Está permitida a eutanasia por “Dislocación cervical” en ratos e roedores novos?

- a. Si.
- b. Non.
- c. Si, pero é obrigatorio que estean previamente anestesiados.

EXAME TEST GALEGO

90. En que consiste o efecto Whitten?

- a. Cando se pon un grupo de femias en contacto cun macho ou co seu cheiro para lograr unha sincronización do seu ciclo estral.
- b. Cando unha femia preñada entra en contacto cun macho xeneticamente distinto dentro dos primeiros días de xestación, existe a posibilidade de que deteña a preñez de forma prematura.
- c. Cando se aproveita o cadro reprodutivo en función da proporción de sexos.

EXAME TEST GALEGO

91. Cal é o axente máis difundido para a eutanasia en animais conscientes?
- Monóxido de carbono.
 - Pentobarbital.
 - Cloruro potásico
92. Para evitar a contaminación xenética de liñas consanguíneas:
- Nunca se deben establecer liñas diferentes nun mesmo rack.
 - As liñas distribuiranse segundo a cor da pelame.
 - Ningunha persoa debe xestionar diferentes liñas de traballo na mesma xornada laboral.
93. Indica a resposta incorrecta. As instalacións relativas aos establecementos e ao aloxamento e coidado dos animais con respecto á súa iluminación.
- Se se teñen animais albinos, non se poderá utilizar luz ambiental debido á súa especial sensibilidade á luz.
 - A iluminación debe ser adecuada para realizar o manexo e a inspección dos animais, sen que isto supoña unha tensión para os animais.
 - Cando a luz natural non garante un ciclo axeitado de luz/escuridade, debe preverse un sistema de iluminación controlada para satisfacer as necesidades biolóxicas dos animais e dispor dun medio de traballo axeitado.
94. Segundo a lexislación actual:
- Sempre que se poida, levarán a cabo experimentos con animais salvaxes ou vagabundos para reducir o número doutros animais sacrificados.
 - Non poderán levar a cabo experimentos con animais salvaxes ou vagabundos, a menos que os realizados con outros animais non permitan alcanzar os obxectivos perseguidos polo experimento.
 - Sempre é mellor utilizar animais salvaxes porque se adaptan mellor ás condicións de laboratorio.
95. Indique a resposta incorrecta. En relación coa autorización de transportistas, esta poderá ser:
- De tipo 1, válida unicamente para realizar viaxes cuxa duración non supere as 8 horas, cumprindo co establecido no artigo 10 e o capítulo I do anexo III do Regulamento 1/2005, do Consello, do 22 de decembro de 2004.
 - De tipo 2, válida para realizar todo tipo de viaxes, cumprindo co establecido no artigo 11 e o capítulo II do anexo III do Regulamento (CE) núm. 1/2005, do Consello, do 22 de decembro de 2004.
 - De tipo 3, válida para realizar viaxes cuxa duración non supere as 24 horas, cumprindo co establecido no artigo 15 do Real Decreto-lei 38/2020 do 29 decembro sobre circulación de vehículos a motor e seguridade viaria.